

Concello:	Soutomaior	Coordenadas	Accesos:
Parroquia:	Arcade (Santiago)	UTM_X: 532061	N-550 (Pontevedra) ata o cruce coa estrada de PO-2909, onde se colle á esquerda e no primeiro cruce vólvese coller á esquerda ata a rúa do Peirao que leva finalmente ao porto de Arcade.
Lugar:		UTM_Y: 4687799	

Descrición: Entre os anos 1947 e 1978, nun lateral do peirao de Arcade, situouse unha pequena e modesta conserveira da familia González Sueiro. Entre a maquinaria contaban cunha sertidora da marca norueguesa "Somme", un autoclave para a esterilización das latas, e unha caldeira. Dispuñan dunha embarcación o "Primavera", co que se recollían os mexillóns das bateas da zona que eran propiedade da conserveira, e que entraban na fábrica mediante unha rampla de acceso directo ao mar. Na actualidade non existe debido aos recheos do porto, que fan que o mar quede máis lonxe do edificio da conserveira, hoxe vivenda familiar. Nos anos sesenta, a conserveira pasou a mans de Jaime Montenegro por un período que concluiu a fins da década, cando se ocupou da conserveira o grupo empresarial Rodríguez Pascual, que xa tiña instalacións en Redondela. Finalmente, antes do peche definitivo en 1978, o empresario conserveiro de Vilaxoán, Aligio Santiago Ferro, alugou as instalacións para cocer marisco, que adquiría na propia Enseada de San Simón.			
Usos:			
Ads. cultural:		Contemporánea	Réxime: Privada
Tipoloxía:		Industrial / Produtivo	Propiedade: Particular

Posta en valor:

Non consta

Proxectos existentes:

Non consta

Horarios:

Propiedade privada

Conservación: Alteración Media

Accesibilidade: Non consta

Valoración: MEDIA

